

AROUSA AL DÍA

Conferencia

Charla sobre «O perverso goberno de Feijóo»

Hoy • 20 horas • Casa das Campás • El Ateneo de Pontevedra organiza un coloquio en torno al libro *O perverso goberno de Feijóo*, de Manuel Monje, publicado por Edicións Laiovento. El autor, que estará acompañado por Luis Bará, analiza en esta obra nueve años de goberno de Alberto Núñez Feijóo, que califica de «nove anos en negro». Monge es maestro y sociólogo.

Teatro infantil

«O lobo bobo» recorre Cambados

Días 2, 3 y 4 de octubre • 17 horas • Casas de la cultura de las parroquias • Entrada libre • El teatro infantil vuelve a Cambados de la mano de la compañía Elefante Elegante, que presenta la obra «O lobo bobo». Ayer actuaron en Oubiña, hoy lo harán en Vilariño, mañana en Corvillón, y el jueves cierran el ciclo en la parroquia de Castrelo.

Lectura

Meis imparte un obradoiro de contos

Día 3 • Biblioteca municipal de Meis • Acceso libre e gratuito • A biblioteca municipal ten programado para mañá un obradoiro de contos para nenos e nenas de entre 5 e 8 anos baixo o título «Un banquete de Contos», que impartirá a compañía Andamiaxe. A actividade enmarcase dentro do programa de dinamización á lectura tura «Ler conta moito».

La foto del día



Música



Luar na Lubre, nunha imaxe de arquivo dunha actuación no Salnés. MARTINA MISER

Luar na Lubre, en Vilagarcía

A banda que lidera Beito Romero presentará o día 11 de outubro o seu disco «Ribeira Sacra»

ANTONIO GARRIDO

Foi aló polo mes de outubro do ano pasado cando os de Luar na Lubre metéronse no mosteiro de San Pedro de Rocas para gravar «Ribeira Sacra», un traballo que xa se ven ben no título por onde vai a súa homenaxe e que conta na súa lista de colaboradores con xente como Ses, Víctor

Manuel, a Coral de Rueda ou Nani García entre moitos outros.

O traballo recolle nas súas letras a personaxes de lenda coma os Felos de Maceda e outros que levan camiño de selo, como Romasanta, ademais de textos en barlote, a lingua que falaban os afiadores. Nada menos que 26 temas «que proveñen de composicións propias, música tradicional e melodías que van lembrar e remarcar todo o patrimonio que temos na Ribeira Sacra», en palabras de Beito Romero, líder da

banda de folk.

Luar Na Lubre foi premiada en numerosas ocasións con recoñecementos tanto a nivel galego e local, como a nivel estatal, con nove Premios da Música concedidos pola «Academia de las Artes y de la Música» ou cos dous discos de ouro por dous dos seus traballos ao superar as 50.000 copias vendidas en cada un de eles.

En Vilagarcía, a data fixada para o seu concerto é o día 11 de outubro, ás 20.30 no auditorio. O prezo das entradas vai dos 12 aos 18 euros.

Vilagarcía

Lar arranca sus actividades por el Día de la Salud Mental

A.G.

Hoy • Plaza de Galicia • El día 10 de octubre se conmemora el Día Mundial de la Salud Mental y el tema escogido este año es juventud y salud mental. Lar arranca todo un calendario de distintas acciones que realizará por la comarca y que comenzarán hoy en la plaza de Galicia y se trasladarán este jueves a Cambados. Ade-

más, el día 10 de octubre habrá una jornada de puertas abiertas y al día siguiente se celebrará un torneo de fútbol solidario en el Príncipe Felipe, en colaboración con las asociaciones Alba y Lenda.

Las actividades se completarán con la web mocidade-saudable.org, que incluye juegos online para poner en práctica los conocimientos sobre salud mental.

Obradoiro

Tecendo Lazos cos xoguetes tradicionais

Todos os mércores • De 16.30 a 18.30 • Todo aquel que teña máis de seis anos e que queira participar nun obradoiro de xoguetes tradicionais pode apuntarse en Valga para participar no programa Tecendo Lazos. A actividade terá lugar entre o 24 de outubro e o 12 de decembro e ten como obxectivo fomentar o traballo en equipo e a colaboración cos xoguetes como arma.

Gastronomía



Yolanda Bóveda, recogiendo el galardón en Torremolinos.

Premio en la Costa del Sol para La mariquita de azúcar

A.G.

Torremolinos fue el escenario en el que se celebró una nueva edición de los premios de turismo de la Costa del Sol, en el que el comité provincial decidió otorgar la medalla de oro a la empresa de mermeladas y productos gourmet La Mariquita de azúcar.

El galardón se viene otorgando desde 1985, siempre con la gastronomía como punto de referencia. Los

delegados provinciales son los encargados de seleccionar a los establecimientos y empresas que pueden optar al premio y es finalmente el comité nacional quien debe dar su visto bueno.

Todo ha ido bien esta ocasión para La mariquita de azúcar, que ha pasado todos los filtros para hacerse con un galardón que premia su bien hacer con un producto que se está convirtiendo en toda una delicatessen.

Música



Milladoiro estará en Valga o 3 de novembro. FIRMA AGENCIA

Milladoiro actuará gratis no auditorio de Valga

A.G.

3 de novembro • Entrada gratuita • Auditorio de Valga • Medio milleiro de persoas achegáronse o domingo o auditorio de Valga para ver, e desfrutar, con Treixadura. Foron preto de dúas horas de música e diversión.

E a seguinte parada no auditorio de Valga vai ser para outro dos grandes grupos da música galega. Milladoiro desembarcará no Baixo Ulla nun concerto que será gratuito, pero para o que habérase retirado as correspondentes invitacións nas ofici-

nas municipais.

O concerto de Treixadura foi cofinanciado por Turismo de Galicia e o Agadic a través do programa «Cultura no Camiño» e con el o grupo puxo fin á xira de verán. Entre os espectadores que aplaudiron a actuación de Treixadura estiveron o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e os directores de Turismo de Galicia, Nava Castro, e da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Jacobo Sutil. Estiveron acompañados polo alcalde, Bello Maneiro.

Medio centenar de exalumnos del colegio Sagrada Familia, que cerraron su paso por el centro en 1984, se reunieron el viernes en una cena que tendrá continuidad en los próximos años por el buen sabor de boca que dejó a los asistentes. Algunos no se veían desde hace treinta años.